

Conversa con Pilar Pallarés

IRENE ARAGÓN GONZÁLEZ

PRESENTACIÓN

Para todos aqueles que coñezan minimamente o panorama poético galego actual, o de Pilar Pallarés é un nome que non precisa ningunha presentación. Situada pola crítica dentro da «xeración dos oitenta», aínda que ela prefira non falar de xeracións, é unha das poucas figuras literarias femininas xurdidas nesta década. A súa poesía convive coa doutras poetas que comezaron a publicar antes ca ela e que continuaron a facelo despois (Luz Pozo Garza, Xohana Torres, M.^a del Carmen Krukenberg...) e igualmente coa de poetas novas xurdidas na derradeira década (Yolanda Castaño, Olga Novo...)

Pilar Pallarés (Culleredo, A Coruña, 1957) fixo a súa aparición no mundo das letras galegas en 1979 cando, con só vintedous anos, recibiu o premio de poesía *O Facho*. A súa produción non é moi extensa, tres libros ata o de agora, mais tense mantido constante sen decaer en ningún intre. Amais destes tres libros podemos atopar mostras da súa obra nas principais antoloxías de poesía última: os dous volumes de *De amor e desamor* (1984 e 1985), *Escolma de poesía galega 1976-1984* (1984), *Desde a palabra doce voces* (1986), *Fin de un milenio* (1991), *Cincoenta anos de poesía galega* (1994) e *Los caminos de la voz* (1995).

O primeiro libro de Pilar Pallarés, *Entre lusco e fusco*, data de 1980. É un libro de xuventude e, precisamente por iso, un libro irregular. Recolle os seus primeiros poemas, algúns deles en castelán, lingua que abandonará definitivamente en favor do galego na súa produción posterior. A deste libro é unha poesía fundamentalmente inclinada á denuncia social, influída pola poesía social-realista que dominara o panorama poético galego ata mediados dos setenta. Xunto á vertente social aparece xa neste libro unha forte tendencia intimista, que prefi-

gura o que vai ser a súa liña poética posterior. Atopamos esta tendencia intimista xa plenamente desenvolvida no seu seguinte libro, *Sétima soidade* (1984), co que conseguiu o *Premio Esquío* de poesía, un libro no que o amor –sobre todo o desamor– e as relacións persoais son os protagonistas. Apunta xa nesta obra unha visión do mundo consolidada no seu terceiro e último poemario, o *Livro das devoracións* (1996): a intuición de que sentir é sufrir e de que a felicidade pasa necesariamente pola ausencia –ou ó menos pola atenuación– do sentimento: *non desexar nada / e non amar / porque o amor é ficción, o anseio un canto / que as sereas erraron.* (p. 43)

Con este libro, que representa tamén a culminación dun proceso de depuración formal e estilística na súa creación, Pallarés obtivo o *Premio Nacional da Crítica Galega* no apartado de poesía e o da *Crítica Española* na modalidade de poesía en lingua galega. Un galardón que non deixou de ser polémico, tendo en conta que, no seu momento, a Consellería de Cultura denegara á editorial unha subvención para a publicación do libro por non se axustar ó galego normativo. Mais Pilar Pallarés aposta polo galego, e aposta forte, (cunha proposta máis arriscada e menos castelanizante que a normativista) aínda que esto lle custe ás veces unha posición secundaria dentro dun panorama poético oficialista de máis. Pasados catro anos dende a súa derradeira entrega literaria, queremos presentir un novo libro en preparación, ou polo menos achegármonos a falar de literatura galega con esta muller, referencia estable no panorama en constante evolución no que se está a converter a poesía galega da última década.

Pilar é unha muller miúda, posuidora dunha aparencia fráxil e unha voz suave que contrastan coa firme seguridade das súas afirmacións. Ante as nosas preguntas aclara, puntualiza, explica, cunha paciencia curtida seguramente nas aulas de secundaria onde intenta –empresa de titáns– que os rapaces aprendan a gozar coa literatura. Tenlle que ser doado conseguilo: fala de literatura con paixón, cunha paixón dificilmente adiviñable nunha persoa de aparencia tan calma. O seu entusiasmo contáxiase, a conversa flúe soa, e o guión que tan coidadosamente trouxeramos preparado pronto se revela innecesario e fica abandonado enriba da mesa. A súa poesía e a dos seus contemporáneos, a situación da lingua e os escritores galegos, son algúns dos temas que tocará esta conversa. Deixémoslle a palabra a quen mellor pode falarnos deles.

ENTREVISTA

1. A POESÍA DE PILAR PALLARÉS

Pregunta: Ó longo dos teus tres libros publicados, a túa poesía parece sufrir unha viraxe moi brusca, sobre todo do primeiro ó segundo: o segundo é

moito máis intimista, mentres que o primeiro, *Entre lusco e fusco*, presenta unha poesía máis dirixida cara ó social, propia quizais dunha idade xuvenil.

Resposta: *O primeiro libro recolle poemas dunha época de adolescencia, de primeira xuventude.*

P: *Dunha época axitada...*

R: *Axitada, si. O que pasa é que a miña xeración é moi diferente da xente que ten cincuenta e tantos anos. Nós tampouco participamos demasiado. Criámonos e educámonos nos últimos anos do rexime franquista. En toda a fase de loita contra o réxime nós eramos novísimos. No primeiro libro a presenza do social e do político ten que ver, por unha banda, cun proceso de descuberta persoal, ás veces a través de experiencias particulares. Por exemplo, en min influíu moitísimo Moncho Valcarce, o cura de Sésamo. Os poemas de carácter social e político son unha forma de tentar entender ese proceso polo cal eu estaba pasando. E logo, por outra banda, tamén teñen bastante que ver ca poesía galega que eu coñecía, que era moi limitada. Nos anos 60 e aínda nos primeiros 70 era practicamente imposible para a maioría de nós acceder á poesía galega. Chegabas moi de casualidade. Evidentemente o ensino non tiña nada que ver con este país. Entón, a poesía que eu mellor coñecía era a de Celso Emilio Ferreiro. Tamén me influíu moitísimo Pablo Neruda... Así que o político-social vén polos dous lados: pola experiencia e tamén polo tipo de leituras que eu tiña.*

P: *En cambio no segundo libro, *Sétima soidade*, desaparece por completo esta tendencia á poesía social, para dar paso a unha poesía moito máis intimista.*

R: *Así é, pero isto non significa ningún tipo de decepción política. No primeiro libro necesitaba expresar en palabras todo este proceso de descuberta do país, e logo ó que pasei foi a implicarme máis politicamente. O segundo libro non é poesía confisional, pero si que hai como punto de partida un proceso persoal que é de carácter sentimental.*

P: *Partir dunha vivencia persoal é como espirse dalgún xeito nos poemas, sobre todo no caso dos teus, que semellan especialmente intimistas. ¿Non é un pouquiño «perigoso»?*

R: *O que pasa é que son vivencias persoais pero tamén con moito proceso de distanciamento, tamén hai sempre un pouco de ficción, de despersonalización... Ás veces é bastante inxenuo por parte dos lectores tomalo todo ó pé da letra. A vivencia é un punto de partida, pero a poesía non consiste en contar nin reflexionar sobre o que vives, para iso hai procedimentos moito máis directos. Pero sempre ten que haber un punto de partida verdadeiro. Nunha poesía moi esteticista ou moi culturalista, ou no tipo de «poesía maldita», tamén se nota cando iso é por pose e cando hai un punto de partida que é verdadeiro.*

P: *Dis que non «planeas» os libros, senón que vas escribindo e, cando tes material dabondo, reúnelo nun libro. ¿Actualmente segues a escribir, tes material para un futuro libro?*

R: *Si, pero non sei se será para un futuro moi alonxado. Ultimamente estou escribindo máis. Había aí unha serie de poemas que podían ser o inicio dun libro, pero logo iso interrompeuse por cuestións vitais... En preparación hai, pero non sei o que tardará.*

Tampouco quero forzar: chega un momento en que escribir tamén é unha cuestión de técnica, chegas a coñecer a receita e a aplicala, pero a min «cociñar» poemas non me interesa nada. Non quero aplicar unha fórmula que sei que pode resultar. Creo que os poemas deben ter unha tensión, facer unha tentativa de que sexa algo moi tenso, moi condensado, o máis radical posible.

P: Dixeches nalgunha ocasión que a mellor creación é a que xorde cando a man escribe soa. Sen embargo, tamén é importante a técnica, como se observa na evolución da túa obra.

R: *Naturalmente, eu non creo en cuestións como a inspiración e demais, creo que moito é cuestión de traballo, de elaboración. O que pasa é que a elaboración non ten por qué ser empezar un poema porque si, porque tódolos días tes que escribir algo, como oficio, e estar dándolle mil voltas e corrixindo mil veces.*

P: ¿Eso quere dicir que non es moi perfeccionista na elaboración dos teus poemas?

R: *En min o proceso sempre é previo. Eu podo non escribir, pero hai sempre un proceso de levedación moi longo. E logo, o que para min é importante é conseguir un estado no que non o domine todo a racionalidade, porque eu penso que racionalmente todos temos un discurso moi parecido e bastante aburrido, moi previsível. Teñen que darse certas condicións para que se desencadee. É cuestión de conseguir darlle unha labazada á razón, que non esté aí todo o tempo dando a lata, e logo que haxa un proceso de asociación de ideas, de imaxes, moito máis libre, moito máis radical, que é moito máis interesante. En certa maneira, eu creo non na escrita automática dos surrealistas propiamente, que ás veces se converte nunha parvada, senón en algo moito máis serio que eles plantexaron, que é conseguir abolir ou, ó menos disminuír o peso da razón, que é o que eles fixeron. Iso é moi importante. Desde a razón todos somos moi previsíveis.*

P: Entón, ¿non cres nos autores que se profesionalizan, que teñen a literatura como oficio e escriben un número determinado de libros ó ano?

R: *Existen. Pero non sei ata qué punto iso ten un valor. Eu considérome ante todo lectora, e eu como lectora creo que noto cando unha obra está feita radicalmente e cando esta feita porque hai que editar non sei cántos libros ó ano para que non te esquezan. Creo que o lector si que o percebe. Eu, á hora de escribir, non creo tampouco niso de facer carreira literaria, nin cousas así, porque a literatura é moito máis importante, é algo moito máis serio.*

P: Aínda que, segundo dis, non planeas os libros, estes semellan moi unitarios, case como se tivesen sido deliberadamente construídos. Sobre todo *Sétima soidade*, que xira exclusivamente ó redor do eixo temático do desamor.

R: *Non planeo o libro, sempre digo que escribo poemas. Para min o fundamental é o poema. O que pasa é que hai poemas que escribes dos que sabes perfectamente que non teñen nada que ver cos outros, cos que están na mesma liña e que van formar parte dun libro. O libro o que recolle son cuestións que che andan dando voltas na cabeza de forma moi obsesiva nun tempo. Podes estar escribendo outras cousas pero evidentemente sabes que iso non forma parte do mesmo. Si, creo que o resultado final si que ten unha unidade, pero non é premeditado. Obedece moito a procesos persoais.*

P: ¿Como o reflexo dunha etapa vital?

R: *Si, en grande parte, si. Logo tamén o que pretendo é que un libro non repita as fórmulas dun libro anterior. Suponse que persoalmente non estamos extáticos, no mesmo punto, que hai unha evolución, e tamén os libros deben recoller eso. É moi fácil repetirse, chega un momento en que aplicas a fórmula, pero eso non ten ningún interese.*

P: ¿E por onde vai o seguinte libro?

– *¿Por onde vai? Non o sei aínda moi ben. Ten que ver co último, co «Livro das devoracións». En «Sétima soidade» hai unha tentativa de chegar ó vacío, á nada, e de asumir unha conformidade co vacío. No «Livro das devoracións» os poemas están ordenados de forma máis ou menos cronolóxica, máis ou menos, porque logo para eso eu son moi desordenada, non poño datas nin nada. Parte dese movemento de destrución, de conformidade coa nada do libro anterior, os poemas centrais son a chegada a ese estado, e logo hai un proceso de recuperación. No fondo o tema central do «Livro» é o tempo, esa capacidade de rexeneración dos seres vivos, o que expresa o símbolo da devoración. O libro de agora algo ten que ver con iso, tamén, con ese proceso de retorno... Pero non o sei aínda moi ben.*

P: Con todo, quizais esa impasibilidade absoluta que persegues non sexa unha meta alcanzable. Coido que o insinúas así nun poema titulado «Arte do gato»: o gato semella estar dormido, insensible, mais en realidade non é así.

R: *A «Arte do gato» ten que ver co meu coñecemento directísimo dos gatos, que me encantan, (agora mesmo aquí non hai ningún, pero haberá) e teño sempre moitos. É unha aprendizaxe de vida: eu creo que os seres humanos somos bastante torpes vivendo, e a «Arte do gato» é precisamente a aprendizaxe desa resistencia que teñen outros seres vivos, de conformidade coa existencia. Esa aparente impasibilidade pero que, ó mesmo tempo, no gato é unha capacidade enorme, increíbel, de disfrutar do sol, dun coxín, dun bon sofá, de todo...*

2. POESÍA E MULLER

P: Moitas veces declaraches que tratas de libera-la palabra do xugo patriarcal para facer unha poesía feminina.

R: *Non, feminina non, nunca.*

P: ¿Feminista?

R: *Non patriarcal, non androcéntrica. Pero feminina, non.*

P: Quizais non escollín ben a palabra...

R: *É que aí hai sitio para moitas cousas. A ver... Cando comencei a escribir, no primeiro libro, fago declaracións de intencións nalgúns poemas, en parte porque tampouco tiña eu moi claro todo o que respecta á posición e á situación da muller, e en parte porque cando comenzas a escribir moitas veces o que estás é reproducindo leituras, xogando a ver se ti es capaz de facer algo aproximado ó que leche. Entón, o peso maior de leituras eran leituras masculinas. O que nos pasou a moitas mulleres é que estabamos reproducindo como se fose unha escrita neutra algo que exclusivamente é escrita masculina e moi androcéntrica. Logo, a medida que fun descubrindo outras cousas... Non me agrada tampouco unha escrita que sexa directamente feminista de forma panfletaria. Non creo, evidentemente, nunha escrita feminina. Haina, pero como unha mostra dun proceso de asimilación. Eu non creo na clasificación de seres humanos segundo o sexo, creo que todo é moito máis variado. Estou moi en desacordo ca conversión da literatura de mulleres nun ghetto, e con que te clasifiquen no mesmo grupo que outras poetas simplemente porque pertences ó sexo feminino. Ás veces compartes moitas situacións sociais, educacionais e demais, pero ó mellor respecto á literatura tes unha perspectiva moi diferente. Partindo de que non creo nesa clasificación dos seres humanos en homes e mulleres, e cualidades para un sexo e para outro, paréceme totalmente empobrecedora, unha forma de escravitude case. O ideal para min sería unha escrita que abolise esa clasificación. Pero tamén teño claro que iso terá que ser o reflexo dunha situación social na que iso non exista. Por iso creo que é moi interesante e moi necesario o que se está a facer agora aquí en Galiza, onde moitas poetas fan unha escrita moi marcada xenericamente, xinocéntrica. Pero para min sería un paso cara a unha escrita...*

P: ¿Neutra?

R: *Un neutro no que esté tamén o feminino, claro, non un neutro que só engloba o masculino.*

P: Mais ás veces tamén teño a sensación de que se está a explotar moito isto da poesía feminina, e que hai moita xente que se está, digamos, subindo ó carro, que co boom da poesía de muller se publica de máis, o que pode redundar en prexuízo da calidade.

R: *Non sei. En Galiza o que si creo é que hai moitísimas mulleres e moi novas que están facendo unha poesía moi arriscada e moi boa, iso creo que é real. Ó mellor porque aquí nos oitenta moitos poetas publicaron para min demasiado e esgotáronse. Moitos acabaron pasando á narrativa, ó ensaio, facendo novela negra... Ás veces o que percebes é que hai moita máis tensión, moita máis forza, en libros feitos por mulleres moi novas que en poetas moi recoñecidos, que ó mellor por exceso de publicación perderon esa intensidade. O que pasa é que hai que contar tamén con esa capacidade que ten a sociedade capitalista de acabar absorbendo o que é máis radical e converténdoo en produto de consumo, e en algo inofensivo.*

P: Iso é o que quería dicir, se a poesía de muller non correrá o risco de se converter nun produto de mercado.

R: *E logo mesmo está un perigo que ten a poesía xinocéntrica (iso xa pasou noutras culturas, aquí vamos cun pouco de retraso) de acabar converténdoo todo en sangue, fluídos, úteros e nais. Bon, está moi ben, pero sen que se termine convertendo nunha fórmula.*

P: ¿Cres que corremo-lo risco de que a poesía de muller se converta nesa fórmula e non pasemos de aí?

R: *Eu creo tamén que é unha fase. Por exemplo, na poesía portuguesa xa pasou hai moitos anos: o tipo de poesía que facían nunha época Maria Teresa Horta, e outras. Aquí a presenza de mulleres na poesía é moito máis evidente agora que hai uns anos. Nos anos oitenta, na maior parte dos recitais eu era a única muller. De feito en «De amor e desamor» eramos dez e eu era a única. E na miña xerazón tampouco había. Bon, Chus Pato, que empezou a publicar máis tarde. Creo que eso que dis é un momento, un paso necesario.*

P: Como a adolescencia...

R: *Si, algo así.*

P: ¿Cres que no dominio intelectual hai unha discriminación da muller, respecto á súa inclusión en publicacións, por exemplo? Soamente agora hai maioría de mulleres universitarias, supoño que a partir de agora é cando iso se verá reflectido no mundo editorial. ¿Cres que aínda é necesaria unha postura reivindicativa ou que a situación está a se normalizar?

R: *Unha situación de igualdade, evidentemente, non existe. Agora hai maioría de mulleres na universidade, pero hai aínda unha xeración de mulleres de cincuenta e moitos, sesenta, setenta anos que están aí e que non tiveron acceso a nada diso. Logo tamén depende moito da clase social, e estamos falando do mundo occidental, claro, que é moi limitado. O resto do planeta está na prehistoria. Aquí unha discriminación evidente, directísima, non hai. Pero creo que é fundamental a educación, as expectativas que se teñen respecto a homes e mulleres. Aínda a sociedade non ten as mesmas respecto a un home de vintecinco anos que respecto a unha muller de vintecinco anos. Tamén*

é realmente difícilísimo, creo que practicamente imposible, manter unha presenza, digamos unha «carreira literaria», entre aspas. Unha muller, se ten unha vida convencional, traballo, parella, fillos, e tamén unha carreira literaria, vai acabar cunha xornada triple. Non é casualidade que moitas mulleres que estamos no mundo literario teñamos unha vida privada pouco convencional. Choca moito o traballo nunha literatura co sistema convencional, a familia e demais. Entón, claro que igualdade non hai.

P: *¿Consideras positiva a existencia de publicacións exclusivamente femininas, non pensas que pode ser un xeito de autodiscriminación, de se crear un ghetto?*

R: *Paréceme positivo cando se parte dunha posición feminista clara. O feminismo é un movemento político e, exactamente igual que nun movemento sindical ou político doutro tipo, as publicacións que vaia xerando deben estar limitadas ás personas que están militando, realmente implicadas nese movemento. Se hai un punto de partida que una ás mulleres que están colaborando nesa publicación e que sexa un feminismo claro e definido politicamente, moi ben. Se ó final se acaba convertendo nunha cousa na que o elo de unión é de novo o sexo... E ademais paréceme algo que interesa, porque se converteu en algo que se pode vender. En grande parte polo que se di sempre, que é verdade, que a maior parte dos lectores somos lectoras. En resume: se hai unha posición feminista clara como punto de partida, si; se non, non. De feito téñome negado algunha vez a participar en cousas cando o elemento común é «mulleres». De feito verías que «Festa da palabra silenciada»...*

P: *... agora é «Festa da palabra».*

R: *É «Festa da palabra» e nos últimos números admite colaboracións masculinas. María Xosé Queizán tivo moito que ver niso. Paréceme positivo.*

P: *¿Non cres que en Galicia é máis doado publicar poesía de muller e en galego que publicar poesía, sen ningunha marca diferencial?*

R: *Evidentemente, unha persoa que queira publicar en español vaino ter difícilísimo dentro de Galiza. Pero ten opción de publicar en editoriais de fóra, e accede a un público moito máis numeroso. Logo, facilidades se é poesía cunha marca feminina ou feita por mulleres, non, ás veces é todo o contrario. Depende, é moito máis complexo.*

P: *Teño a sensación de que a miúdo a literatura nunha lingua minoritaria ou cunha marca diferencial recibe máis apoio institucional, aínda que sexa só por aquilo de que o politicamente correcto é non discriminar ás minorías.*

R: *Xa, pero aquí publicar en galego é o lóxico, e afortunadamente hai unha certa situación non de normalidade, pero que vai moi por diante do que é a situación social noutros ámbitos. O lóxico é que aquí se publique en galego. A literatura con certas marcas... con respecto á poesía non sei, eu creo que afecta máis á narrativa. Nun momento dado, facer unha antoloxía de relatos*

feitos por mulleres, de literatura erótica feita por mulleres, ou de literatura non sei qué feita por non sei qué grupo, si que pode vender, cunha boa operación de marketing detrás. Moitas veces si cumpre o politicamente correcto.

3. O GALEGO HOXE

P: *¿Linguas minoritarias ou minorizadas?*

R: *¡Minorizadas, claramente!*

P: *É unha cousa que me chama a atención: para nós en Madrid a verba neutra é «minoritaria», «minorizada» úsase soamente se queres enfatizar o feito de que foron sometidas por outras linguas. En cambio en Galicia, «minorizada» parece se-lo término de uso común.*

R: *É que a linguaxe é moi traidora e moi reveladora. Eu sempre o digo nas clases, igual que falar de arte culta e arte popular, como se o popular non fose cultura. Supoño que hai xente que emprega o de «minoritaria» con toda a boa intención do mundo, pero evidentemente o termo non é inocente. Non son linguas minoritarias. ¿Minoritarias con respecto a que?*

P: *Ti rexeitas a normativa lingüística vixente e usas unha variante chamada «de mímimos», ¿como un chanzo intermedio para un reintegracionismo total co portugués?*

R: *Para min sería partir de algo que me parece incuestionável, por moito que o queiran negar, que é que galego, portugués, brasileiro, son variantes do mesmo idioma, do mesmo sistema. Partindo de aí, eu creo que habería que evidenciar esa unidade, ademais a nós beneficiaríanos. Non se trata de aproximarnos ó portugués, senón de recuperar unha ortografía, e para min é importantísimo tamén a morfoloxía, ir eliminando a presenza do español no morfolóxico, que é a que non estaría presente se o galego non vivese nunha situación de dominio a respeito do español. Evidentemente, sen a presenza do español aquí como idioma imposto, o galego non tería hoxe en día a ortografía oficial que ten, que é a española. Por moito que o queiran adornar e darlle mil voltas, pero é. Logo será discutível se iso se pode solucionar, se estamos a tempo de recuperar o que realmente é tradicional galego. Galego, non portugués. Co que non estou de acordo é con que se fale do portugués da Galiza.*

P: *De tódolos xeitos, a ortografía do galego reintegrado é unha ortografía que a tódolos falantes de galego lles vai soar estraña: a terminación das palabras en -ão, por exemplo.*

R: *Aí, si; en galego, que eu saiba, non existe en ningunha variante dialectal una terminación do tipo -ões. Entón si que me parece absurdo representar*

algo que non existe no idioma. Non se trata de facer seguidismo do portugués, porque tamén hai un papanatismo co portugués, como é lingua normalizada e dun Estado... En realidade é recuperar unha ortografía e unha morfoloxía que son as nosas. Logo tamén partindo doutra cousa: moitas veces hai un papanatismo con respecto ó portugués padrão, estándar, e o portugués non é iso, o portugués é algo bastante máis variado. Logo acabas descubriendo que moitos termos ou moitas solucións que aparentemente son só galegas son tamén portuguesas, o que pasa é que non son portugués padrão. Eu estiven un ano en Portugal, tiña un cuarto alugado nunha casa, e a dona, que acabou sendo moi amiga miña, era unha alemtejana cunha sensibilidade para os idiomas moi especial. Moitas veces, cando eu dubidaba, «E que non sei se o termo que vou utilizar é galego ou portugués», «Diga lá», decía ela. E a maior parte das veces era: «Ah, isso um lisboeta não diria, mas no Alemtejo diz-se». Falaba con moita ironía dos lisboetas, porque segundo ela pensan que o portugués é o que se fala na tele e nos xornais. Creo realmente que é incuestionavel que se trata do mesmo sistema lingüístico e que, naturalmente, o problema noso non é unicamente ese. Pero vai todo moi unido. Creo que tamén hai un interese político moi claro en evitar que se estableza esa relación con Portugal e con outro mundo que non é España, porque nós á forza temos que estar vinculados a España. Políticamente pero tamén lingüísticamente, culturalmente.

P: Pero hai que ter coidado de, tentando non ser devorados por un xigante, non sermos devorados por outro.

R: *Si, é o que che dicía antes. A posición de que aquí se fala portugués... Non, aquí non se fala portugués, os portugueses falan unha variante do galego. Xeneticamente.*

P: Vai dicírllelo a eles.

R: *Pois terán que recoñecelo. É así.*

P: ¿Cal é a túa opinión sobre o futuro do galego? ¿Cres que a súa situación xa se normalizou?

R: *Non. A posibilidade de supervivencia estaría en que este país tivese un poder político que fose galego realmente. Polo camiño que levamos, non, evidentemente. Aínda que se avanzou moito en eliminación de prexuízos. Eu nótoo moito dando clase, os alumnos, aínda nunha cidade, non teñen nin a metade de prexuízos que teñen os seus pais, os seus avós. Pero logo tampouco hai nada que obrigue, ou que faga sentir como útil, como necesario, dar o paso. Entón, a maior parte dos rapaces poden non ter prexuízos respecto ó idioma, sábeno de forma moito máis correcta que os seus pais (aínda que ó mellor cun coñecemento do léxico moi limitado, e moi estándar). Pero logo non hai nada que os obrigue a dar o paso do que é a simpatía e a falta de prexuízos ó uso. Evidentemente, un idioma o que ten que ser é útil, necesario.*

P: É que non o é porque xa temos outro.

R: *Xa, pero o idioma do país é un, e a maior parte da poboación ten como lingua o que é propio do país. O sobranste é o outro.*

P: *¿A maior parte da poboación? Eu pensaba que a maior parte da poboación estaba nas cidades, e que nas cidades se falaba maioritariamente castelán.*

R: *Depende do ámbito no que te movas. O que se fala no ámbito privado e público é distinto. Evidentemente, o que se fala nunha cidade non é o que ouves nun comercio. Abonda con coller un bus, ou con ver o que fala a xente nas súas casas para decatarse de que a presenza do español non é tanta. O que pasa é que a súa presenza é predominante en ámbitos de poder, ese é o problema.*

P: Entón o estado de autonomía non serve de moito.

R: *Bon, é que eu non estou de acordo co rexime autonómico.*

P: *¿Federalismo?*

R: *Si, sería unha solución. Pero nun mundo no que non sexan palabras ocas. O nacionalismo non ten nada que ver coa separación, coa fronteira e demais. Hai un «nacionalismo de estados» que é moito máis violento, moito máis impositivo. Despois resulta que os nacionalistas de países sen Estado somos os que mellor entendemos sempre os problemas que teñen os doutros países, e que se crian un montón de alianzas.*

4. O PANORAMA POÉTICO GALEGO NA ACTUALIDADE

P: *¿Adscribíriaste a algún grupo poético, á xeración dos 80, por exemplo? ¿Pensas que estas xeracións existen como tales ou só nas clasificacións da crítica?*

R: *Non, non creo que existan, realmente.*

P: *Tocante ós poetas xurdidos nesta última década, ¿cres que comparten algún trazo común que sirva para os definir?*

R: *Comparten moitas cousas. Recuperaron un traballo de grupo que en xente de miña idade estaba moito máis perdido, hai unha preocupación moito maior polo intervencionismo social... Hai unha presenza moi forte de mulleres, cunha escrita que tenta destruír o patriarcal, nalgún caso tamén aparece iso nalgún poeta home, aínda que sexa só como intención, con alguna tentativa na poesía que fan...*

P: *¿Por exemplo?*

R: *Non sei, algún dos poetas do Batallón da Costa da Morte... E logo, por parte dalgúns deles, esa reacción contra unha poesía que non foi a única que*

houbo nos últimos anos, pero que si tivo moito peso, e foi quizais a máis publicitada, nunha liña bastante culturalista. Entón hai unha reacción moi forte contra ese tipo de poesía e á vez a reivindicación dunha poesía moito máis prosaica, recuperación dunha poesía social. Pero esa liña de poesía de compromiso segue en poetas dos que denominan «dos oitenta».

P: Culturalistas e, ó tempo, sociais.

R: *Claro. A parte tamén que houbo de todo. Eu non creo nunha xeración dos oitenta porque é pura metonimia. É tomar como poesía dos oitenta a poesía que fixo un grupo bastante determinado de poetas moi adscritos a unha liña bastante esteticista, pero simultaneamente estaba facéndose outro tipo de poesía moi diferente, que na época non tiña recoñecemento. Eu creo que hai unha serie de elementos comúns, e logo tamén o que vexo son liñas estéticas moi diferentes, tanto en poetas que publicaron nos oitenta como entre os que se deron a coñecer nos noventa.*

P: *Xa case que creaches unha xeración, con esta descrición.*

R: *Pero non creo na existencia dunha xeración diferente. O que si é que a maioría deles teñen moita máis conciencia de grupo fronte a poetas de máis idade ou que xa teñen un recoñecemento. Esa definición «frente a» dálles un carácter grupal, moi asumido e moi reivindicado.*

P: *Tense falado dunha certa loita de xeracións, e de que os autores dos oitenta están a obstaculiza-lo paso ós novos. ¿Cres que existe algo diso ou trátase dunha estratexia para vender?*

R: *Creo que en boa parte é para vender. Aproveitando que está de moda ser xoven, e a xuventude en todo... e como unha forma tamén de aparecer na prensa e como operación de marketing. Mira, empezando porque unha boa parte da xente que está publicando agora nos noventa, senón fora polo labor de alguén ao que sitúan como autor dos oitenta, como Miguel Anxo Fernández Vello, con Espiral Maior, non se tiña dado a coñecer. Empezando por aí. Non, eu creo que os obstáculos non son dunha xerazón a outra, que os obstáculos son de poetas que están vinculados a un poder cultural moi oficialista, ou que teñen moito peso en certas institucións, ou que son próximos con respecto a outros. É moito menos inocente, non é por xerazóns.*

P: *Dáme un pouco a sensación de que é unha poesía que se autoalimenta a si mesma, que len soamente os propios poetas e pequenos grupos universitarios ou intelectuais. ¿A xente que non pertence a ese mundo le a poesía galega actual?*

R: *Creo que pasa o que pasa en todos os países e en todas as literaturas: a poesía nunca é maioritaria.*

P: *Ben... A Celso Emilio, por exemplo, coñéceo case que todo o mundo.*

R: *Xa, pero nunha época na que se coñeceu un certo Celso Emilio, ignorando o resto da súa obra. Logo, difundíuse moito lendo os seus libros, si, pero*

moitísimo por outras vías, a través do movemento de Voces Ceibes, e nun momento político moi determinado no que Celso Emilio cumpriu unha función que ó mellor nin sequera el escolleu demasiado, e que non era literaria. Coincide con momentos moi concretos.

P: *¿Recomendas ós teus alumnos de secundaria lecturas de poesía galega? ¿Gústalles le-la ou sonche remisos?*

R: *Son remisos á letra escrita. Aí o problema é que a maior parte dos adolescentes non len nada. Polo medio encontras algúns que len moitísimo, que son devoradores de libros, pero a maioría practicamente non len nada. Despois, len máis en español que en galego. Con respecto á poesía, depende, ás veces hai máis prexuízos, ou identifícanos con algo máis triste... perspectivas tóxicas. Pero logo á hora da verdade tampouco len narrativa, len tonterías de best-sellers a maioría. Evidentemente, hai poucos lectores. Os nenos len moito máis, os lectores empézanse a perder despois, cando teñen trece anos, catorce... parece que os matamos. Coméntoo moitas veces coa xente da miña idade. Cando eu tiña quince anos tamén era un bicho raro porque o resto das miñas compañeiras de colexio de monxas non lían. Liamos dúas ou tres, nada máis. A maior parte dos adolescentes non lían. Ó mellor funcionaba máis como refuxio, como vía de escape que agora, agora hai moitas máis: internet, ou a televisión, o fútbol, ou non sei qué. Naquela época a xente non tiña moitas máis opcións.*

P: *¿Como son os programas de literatura galega no ensino secundario, inclúen só ós autores clásicos ou abranguen ata a actualidade?*

R: *Nos programas hai unha pretensión de chegar ó último publicado. O problema en moitos institutos, e do que se queixan mesmo os escritores, é que hai moitos centros nos que se le literatura moi recente e que sexa fácil de dixerir, e ó mellor os rapaces non coñecen os clásicos en absoluto, obras que sexan un pouco máis complexas. Depende dos centros. Pero esa pretensión de chegar a que se coñeza o último, haina.*

P: *Mais iso é moi arriscado, ¿como escoller o que verdadeiramente ten valor, cando aínda non hai perspectiva para que se teña establecido o canon?*

R: *Non, claro, imposible. Pero ás veces é verdade que se queres gañar lectores os rapaces poden conectar moito máis cunha novela de Marilar Aleixandre, un relato de Manolo Rivas, un poema de Lois Pereiro, que cun clásico se lle-lo dás como libro de lectura. Os clásicos si, pero con moito traballo por parte do profesor. Non como libro de lectura que teñan que ler na casa e aí se entendan; con moito traballo na clase.*

P: *¿Que recomendarías ó lector en xeral de poesía galega actual?*

R: *Actuais, pero que morreron por desgracia antes de tempo. Avilés de Taramancos, Lois Pereiro... Unha poeta nova que a min me gusta moitísimo, Emma Couceiro. E dos clásicos, moitas cousas: Cunqueiro, Pimentel, a poesía de Carballo Calero, sobre todo a dos últimos anos... Moitas cousas.*

P: En Galicia publícase moitísima poesía: un 20% do total de publicacións son poesía, da cal a maior parte é poesía galega. ¿A que se debe isto, sendo a poesía un xénero tan pouco comercial?

R: *En parte porque en Galicia segue sendo o xénero máis rico, máis variado e con mellores criadores. Publícase máis poesía porque hai máis e moito mellor poesía, de sempre.*

P: ¿Non hai algo de negocio editorial niso?

R: *Non, con respecto á poesía, creo que non. Non sei cómo se publica, a verdade, pero neste caso non é negocio. O negocio está na narrativa, moitas veces publícase demasiada narrativa para o que hai no país, para o que hai bon. Porque vende máis, porque hai unha procura de lectores, porque se pode facer máis marketing. O da poesía, eu creo que responde a que no noso caso é o xénero máis rico e mellor.*

P: Dis que non é que nos noventa xurdiran moitos novos poetas, senón que xa antes estaban aí mais non podían publicar. ¿Non cres que ultimamente se publica case «de máis»? Semella difícil que haxa tantos bos poetas ó mesmo tempo nun país tan pequeno.

R: *De todas maneiras, unha literatura non se fai de poetas boísimos unicamente: hai uns cantos poetas boísimos, outros regulares e outros malísimos, en calquera literatura. Eu referíame a unha época, a mediados dos oitenta, esa época en que non había practicamente editoriais que publicasen poesía, coleccións de poesía, revistas, e era moi difícil que un poeta novo se dese a coñecer. Empezando porque se non tes revistas para publicar... E tampouco había a cantidade de premios que hai actualmente. Agora mesmo hai moitísimos de poesía, non moi dotados economicamente, ás veces moi pensados para a xente nova: o Eusebio Lourenzo, o Anxel Xohán... moitos. Creo que realmente ten que haber unha infraestrutura e unha posibilidade de que a xente se de a coñecer. Naturalmente, un primeiro libro, salvo que sexa obra dun xenio, non será ningunha marabilla, pero tamén é tráxico: eu coñezo xente da miña época que podían ter chegado a ser excelentes poetas e teñen por aí un primeiro libro que nunca na vida chegaron a publicar, nunca o conseguiron. Ó mellor, agora mesmo si que o conseguírtan.*

P: Ti estabas nesas mesmas circunstancias e conseguíchelo. Ó mellor eses poetas non eran tan bos como para pasar unha criba máis dura.

R: *Pero ás veces tampouco é cuestión de bondade, depende de moitas cousas. Un poeta como Torneiro, que é boísimo e agora é un poeta recoñecido, durante anos e anos e anos estivo presentándose a premios, e como moito era o accésit, non era máis. O recoñecemento é posterior, e ás veces tamén coincide con modas poéticas, ou coa forma con que están formados os xurados. Mira, no xurado dun premio no que eu estiven dous anos, a sociedade que o convoca conseguiu da Caixa de Aforros, que é a que o financia, que en lugar de*

tres membros no xurado houbera catro, e ademais estableceron que tiñan que ser dous poetas e dúas poetas. A min o que me comentaron é que non respondía en absoluto á situación real da nosa poesía o feito de que en todos os fallos do premio, ata hai pouco tempo, a única muller poeta premiada fose eu. Sobre todo nos últimos anos. Hai libros de poemas que les e non sabes se escribe un home ou unha muller. Pero hai outros en que, sen ser claramente xinocéntricos nin feministas, notase. Ó mellor pola revisión dos mitos, ou pola crítica da linguaxe. É verdade que ás veces hai xurados monoliticamente masculinos que non o teñen en conta. E non só en poesía: en premios de ensaio e demais. Ó mellor un ensaio moi bon que analiza a situación das mulleres en non sei qué ámbito a un xurado monoliticamente masculino non lle interesa.

P: Entre esta profusión de poetas novos que temos agora, algún nome que, na túa opinión, vaia pasar ós libros de literatura en letras maiúsculas.

R: *Avilés de Taramancos. Entre os da súa mesma xerazón hai autores que teñen cen mil veces máis prestixio e que se consideran sempre «os boísimos», e a poesía del para min é moito mellor. De autores máis novos encántame o que fai Emma Couceiro, pero é unha obra que se está empezando. Logo, con moita máis traxectoria detrás, un Xose María Álvarez Cáccamo, por exemplo.*

A Coruña, 20-12-2000.